

Mércores, 10 de febreiro de 2021

Núm. 27

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**MUNICIPAL**

**GONDOMAR**

### **Ordenanzas e Regulamentos**

*APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO  
DE GONDOMAR*

*ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA  
REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DE GONDOMAR*

O Pleno do Concello de Gondomar, en sesión ordinaria de data 08.01.2021, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DE GONDOMAR, unha vez resoltas as alegacións presentadas e incorporadas á este regulamento as modificacións derivadas das alegacións estimadas, o que se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### **REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DE GONDOMAR**

#### *TÍTULO I .- DISPOSICIÓN XERAIS*

##### *Artigo 1.—Obxecto e ámbito de aplicación*

1.- Este regulamento ten por obxecto regular as actividades relacionadas coa posta en marcha e funcionamento do Punto Limpo de Gondomar, situado na parroquia de Vincios, as súas instalacións, elementos e mobiliario, en exercicio das competencias do artigo 25.2.l) da Lei de Bases de Réxime Local e en relación coas disposicións da Lei 10/2008 de 03 de novembro de Residuos de Galicia.

2.- O Punto Limpo de Gondomar é un equipamento ambiental de titularidade e competencia municipal, situado na parroquia de Vincios, no lugar denominado “Regato de Padróns” en A Pasaxe, con acceso directo dende a estrada PO-331, e estará regulado de acordo ás disposicións legais que lle sexan de aplicación.

Para a explotación do mesmo, o Concello de Gondomar poderá acudir a calquera das formas de xestión directa ou indirecta establecidas na lexislación vixente.



Mércores, 10 de febreiro de 2021

Núm. 27

## Artigo 2.—Definicións

Aos efectos do presente regulamento enténdese por:

1.- PUNTO LIMPO: É unha instalación onde se efectúa, previamente seleccionados, a recepción e acumulación transitoria de certos tipos de residuos domésticos que pola súa natureza non son obxecto habitual do servizo ordinario de recollida de residuos sólidos urbanos. Constitúe, polo tanto, un sistema de recollida selectiva, sendo un centro no que se reciben, almacenan e valoran os residuos domésticos que non teñen saída a través da recollida diaria.

En ningún caso se trata dun vertedoiro, senón dun lugar para almacenar temporalmente os residuos ata entregalos a xestores autorizados.

2.- RESIDUO: calquera sustancia u obxecto que o seu posuidor desbote ou teña a intención ou a obrigaón de desbotar.

3.- RESIDUOS RECICLABLES: aqueles materiais que poidan ser reutilizados ou reciclados como materia prima, para que mediante un proceso de valorización obtéñase un produto distinto ou igual ao orixinal.

4.- RESIDUOS DOMÉSTICOS: residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Terán tamén a consideración de residuos domésticos:

1.—Os similares aos anteriores xerados en servizos e industrias.

2.—Os que se xeren nos fogares de aparatos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, mobles e aparellos, así como os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

3.—Os procedentes de limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

4.—Os residuos industriais non perigosos xerados pola industria que, pola súa natureza ou composición, sexan asimilables aos residuos urbanos ou municipais.

5.- RESIDUOS COMERCIAIS: os xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e os mercados, así como do resto do sector servizos.

6.- RESIDUOS INDUSTRIAIS: residuos resultantes dos procesos de fabricación, de transformación, de utilización, de consumo, de limpeza ou de mantemento xerados pola actividade industrial, excluídas as emisións á atmosfera reguladas na Lei 34/2007, de 15 de novembro.

7.- PERSOAS USUARIAS: persoa ou entidade física ou xurídica que fai entrega dos residuos no Punto Limpo.

4.- XESTOR/A AUTORIZADO/A: persoa ou entidade, pública ou privada, que realice calquera das operacións que compoñen a cadea da xestión dos residuos, sexa ou non produtores deles. Deberán solicitar a correspondente autorización como xestores de residuos, perante o órgano competente para a realización de ditas actividades.



*Artigo 3.—Obxectivos*

Os obxectivos principais do Punto Limpo de Gondomar son:

- Recoller os residuos que pola súa natureza ou volume quedan fóra do servizo da recollida domiciliaria.
- Recuperar os materiais contidos nos residuos para reciclalos.
- Evitar o vertido incontrolado de voluminosos que non poden ser eliminados polos servizos convencionais de recollida de lixo.
- Evitar o vertido de entullos e outros no medio natural, rural e urbano do termo municipal de Gondomar.
- Proporcionarlle á cidadanía un medio para eliminar os residuos que representen un perigo para o medio ambiente, como aceites, pinturas, fluorescentes, radiografías, etc., evitando así o seu vertido incontrolado.
- Aproveitar os materiais contidos nos residuos que se poden reciclar directamente e conseguir con iso un aforro enerxético e de materias primas, e reducindo o volume de residuos a eliminar.
- Buscar unha mellor solución para cada tipo de residuos co fin de conseguir a máxima valoración dos materiais e o custe mínimo da xestión global.
- Ofrecer unha forma sinxela de desfacerse dos residuos que polas súas características non poden ou non deben ser xestionados a través dos sistemas tradicionais de recollida.

*Artigo 4.—Persoas usuarias do Punto Limpo*

Son persoas usuarias do Punto Limpo toda a cidadanía que resida no Concello de Gondomar e que queira depositar de forma selectiva os seus residuos domésticos, de conformidade ao que establecen os artigos deste regulamento.

Terán a condición de residentes aos efectos deste regulamento: persoas empadroadas, titulares catastrais e arrendatarios/as.

Para a xustificación da condición de persoa usuaria do Punto Limpo deberase exhibir o D.N.I. ou o recibo de pago da taxa do lixo, e no caso en que ditos documentos non acrediten a residencia no municipio, poderase acreditar a residencia mediante certificado de empadramento, documentación acreditativa da titularidade catastral, contrato de aluguer ou a través de calquera outro medio admisible en dereito.

Para a utilización do Punto Limpo hai que ter en conta os seguintes aspectos:

- Admitiranse residuos xerados por particulares e clasificados previamente pola persoa usuaria.
- No caso daqueles residuos que por tipoloxía e cantidade sexan asimilables a domésticos, procedentes da actividade comercial, ben sexa por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así coma do resto de sector servizos, estes, poderán ser admitidos de conformidade ás cantidades e tipoloxías que se establecen no presente Regulamento.



Mércores, 10 de febreiro de 2021

Núm. 27

- Non se entenderán como persoas ou entidades usuarias do Punto Limpo, as persoas autónomas ou entidades empresariais que están obrigadas pola lexislación vixente en materia de residuos, a xestionar os seus residuos derivados da súa propia actividade económica ou empresarial.
- Cada persoa só pode facer unha entrega diaria de residuos.
- Os volumes de residuos achegados pola cidadanía non poden superar os valores prefixados no presente Regulamento.

#### *Artigo 5.- Uso do Punto Limpo por terceiros.*

Co fin de garantir o cumprimento do artigo 4, o procedemento para a utilización do Punto Limpo de Gondomar por un/ha terceiro/a será:

No caso de que as persoas físicas desexen realizar o seu depósito a través destas persoas, estes últimos, deberán achegar a autorización do Anexo 1 deste Regulamento debidamente cuberta pola persoa residente interesada, ademais da fotocopia do D.N.I. do autorizante ou copia do recibo de pago da taxa do lixo. No caso en que ditos documentos non acrediten a residencia no municipio, poderase acreditar a mesma a través de certificado de empadramento, documentación acreditativa da titularidade catastral ou contrato de aluguer.

No caso de que as persoas terceiras autorizadas, sexan persoas autónomas ou entidades empresariais, estas deberán presentar no punto de control do Punto Limpo, orixinal ou copia do albarán, factura ou xustificante da realización do servizo ao usuario/a, que evidencie a necesidade de desprenderse deses residuos.

#### *Artigo 6.—Prestación de Servizos do Punto Limpo*

Os servizos do Punto Limpo son os que a continuación se citan:

- Recibir os residuos domésticos que previamente clasificou a persoa usuaria.
- O persoal responsable do Punto Limpo deberá controlar a procedencia, natureza e cantidade dos residuos que depositen as persoas usuarias.
- Enviar os residuos recollidos aos xestores autorizados, para tratalos.
- Elaborar estatísticas sobre o uso das instalacións.
- Colaborar co Concello de Gondomar e coa Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático para estudar e facer o seguimento do nivel de concienciación da cidadanía e do uso que se está a facer dos Puntos Limpos de Galicia, enviándolle periodicamente a relación do volume de cada tipo de residuo recollido.
- Ofrecer a posibilidade de facer visitas guiadas pola instalación, a escolares e grupos interesados, coa pertinente autorización asinada do concello previa solicitude específica e motivada do uso da instalación.



Mércores, 10 de febreiro de 2021

Núm. 27

**TÍTULO II.- IDENTIFICACIÓN DE RESIDUOS E XESTIÓN**

*Artigo 7.—Residuos admitidos no Punto Limpo*

Todos os residuos que non se especifiquen como admisibles neste regulamento serán rexeitados e será obriga da persoa usuaria a súa xestión.

Para non comprometer a capacidade do punto limpo, o concello establece unha limitación das cantidades admisibles para cada tipo de residuo e para cada domicilio ao mes ou ano.

Na seguinte táboa, refléxanse as cantidades máximas admisibles para todos os residuos que se recollen no Punto Limpo de Gondomar:

**a) Residuos admisibles**

**1.- Residuos comúns**

<b>TIPO DE RESIDUO</b>	<b>OBSERVACIÓN</b>	<b>CANTIDADE MÁXIMA POR DOMICILIO</b>
Aceite vexetal	<i>Aceites vexetais domiciliarios e aceites de cociña</i>	10 litros/mes
Electrodomésticos sen gas CFC	<i>Liña marrón: reprodutores de vídeo, lector de DVD, equipos de música, cámaras grabadoras</i>	2 de cada clase/ano
	<i>Liña branca sen frío: lavadoras, secadoras, lava vaixelas, vitro cerámicas, microondas, fornos, frigoríficos sen gas CFC, cociñas de gas e eléctricas, campas extractoras, quentadores</i>	
Envases de plástico, cartón aluminizado, latas e bricks		100 kg/ mes
Envases de vidro, vidro e cristais planos		100 Kg/ mes
Ferralla	<i>Todo tipo de metais, sempre limpos de calquera impropio</i>	200 kg/mes
Madeira	<i>Que conteña pequenas cantidades de metais (puntas, bisagras, etc...)</i>	50 kg/mes
	<i>Mobles de madeira con plásticos e vidros</i>	3 unidades/ano
Papel e/ou cartón		100 kg/ mes
Plásticos agrícolas	<i>Embalados e limpos de residuos</i>	30 kg/mes
	<i>sen embalar ou sucios</i>	Non se recolle
PVC e plásticos que non sexan envases	<i>EPS, PET, etc.</i>	25 kg/mes



Mércores, 10 de febreiro de 2021

Núm. 27

Residuos de obra menor	<i>Obra doméstica. No caso de contratar a obra a unha empresa, esta debe facerse cargo do residuo</i>	1000 kg/ano
Residuos verdes: procedentes da poda e mantemento de xardíns	<i>Césped, arbustos e pequenas podas domésticas</i>	600 kg/ano
Residuos metálicos do fogar	<i>Tixolas, potas, etc.</i>	50 kg/mes
Residuos voluminosos	<i>Colchóns, somieres, sofás, mobles que non sexan de madeira, etc.</i>	3 unidades de cada clase/ano
Téxtiles	<i>Roupa, calzado, etc...</i>	50 kg/ano
Xoguetes e equipos deportivos ou de tempo de lecer		5 unidades/mes

**2.- Residuos especiais**

<b>TIPO DE RESIDUO</b>	<b>OBSERVACIÓN</b>	<b>CANTIDADE MÁXIMA POR DOMICILIO</b>
Aceite mineral	<i>Sen recipiente</i>	Non se recolle
	<i>En recipientes plásticos</i>	10 litros/mes
Aerosois		5 unidades/mes
Aparellos de iluminación	<i>Focos, placas LED...</i>	2 unidades/mes
Baterías		2 unidades/ano
CD's e DVD's		25 kg/mes
Unidades de almacenamento	<i>Memorias USB, discos duros...</i>	2 unidades/mes
Disolventes e pinturas líquidas ou pastosas e secas		50 kg/ano
Electrodomésticos con gas CFC	<i>Liña branca con frío: Frigoríficos e conxeladores con gas CFC e/ou HCFC e/ou HC, equipos de aire acondicionado, etc</i>	2 de cada clase/ano
Envases baleiros de residuos perigosos		2 unidades/mes
Equipos informáticos e telecomunicacións	<i>Liña gris: computadoras, impresoras, ordenadores portátiles, xoguetes electrónicos, teléfonos, terminais de fax, Tablet, E-book, PDA...</i>	2 unidades/mes
Ferramentas eléctricas ou electrónicas		2 unidades/mes
Filtros de aceite		1 unidade/mes
Fluorescentes e lámpadas haloxenas		3 unidades/mes

Podemos verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: O61N4F60E9B5F5UL



Mércores, 10 de febreiro de 2021

Núm. 27

Pequenos aparellos eléctricos e electrónicos	<i>Ferros, pranchas de cociña, frixideiras, picadoras, envasadoras, aspiradoras, cafeteiras, espremedores, fervedoiros, torradoras, sandwicheras, batedores, máquinas de afeitar ou cortar pelo, depiladoras, cepillos dentais eléctricos, secadoras de cabelo...</i>	2 unidades/mes
Pilas	<i>Botón, salinas e alcalinas</i>	20 kg/ano
Pneumáticos de coche, moto e bicicleta		4 unidades/ano
Pneumáticos de tractor		2 unidades/ano
Radiografías	<i>De uso doméstico</i>	2 unidades/mes
Televisores, monitores de ordenador		2 de cada clase/ano
Termómetros	<i>De uso doméstico</i>	1 unidade/mes
Tóner e cartuchos de fotocopiadora e de impresora		5 unidades/mes
Trapos, papeis e outros absorbentes contaminados	<i>Con carburantes, pinturas, vernices, disolventes, aceites, etc.</i>	5 unidades/mes

O contido deste apartado enténdese como complementario ao do previsto no artigo sexto da ordenanza reguladora de Medio Ambiente, Limpeza e Convivencia, entendéndose en caso de contradición que prevalece a presente regulación.

**b) Residuos non admisibles:**

No Punto Limpo non se aceptarán, baixo ningunha circunstancia, os seguintes residuos:

- Residuos sen clasificar.
- Lixo doméstico (Materia orgánica).
- Residuos que conteñan amianto (uralita...).
- Residuos agrícolas ou gandeiros.
- Residuos que proceden da actividade industrial ou comercial e que non sexan asimilables a domésticos.
- Residuos producidos por actividades mineiras ou extractivas.
- Animais mortos.
- Residuos sanitarios (medicamentos, infecciosos, clínicos, citolxicos...).
- Residuos explosivos, inflamables ou radioactivos (pararraios...).
- Produtos que proceden de comisos.
- Calquera outro residuo que non se poida identificar e/ou clasificar previamente na categoría dos que se admiten.



Mércores, 10 de febreiro de 2021

Núm. 27

O contido deste apartado enténdese como complementario ao do previsto no artigo sexto da ordenanza reguladora de Medio Ambiente, Limpeza e Convivencia, entendéndose en caso de contradición que prevalece a presente regulación.

Se a capacidade do Punto Limpo se vira comprometida, o Concello de Gondomar pode establecer, durante o período de tempo imprescindible, limitacións en canto á cantidade e tipo de residuos que se recollen na táboa anterior. Neste suposto, informarase dos cambios en ditas limitacións e do período de tempo, mediante resolución do órgano municipal competente do Concello de Gondomar.

Así mesmo, por necesidades do servizo que presta a instalación, o Concello de Gondomar poderá modificar o tipo de residuos admisíbeis ou non admisíbeis cando o considere necesario conforme á lexislación vixente en materia de residuos.

#### *Artigo 8.—Formas de presentación de residuos.*

Para a recollida dos residuos anteriormente mencionados, estes deberán entregarse de acordo a unhas normas de presentación, as cales son:

1.—*Papel e cartón*: As caixas de cartón deberanse abrir e mesmo comprimir para reducir o volume dos residuos. Así mesmo, o papel deberase presentar en bolsas e caixas para evitar o seu espaxamento.

2.—*Vidro e cristais varios*: Os residuos de cristais deberán acondicionarse de tal maneira que se evite a súa rotura e poida ocasionar riscos de seguridade para as persoas encargadas na manipulación dos residuos.

3.—*Pilas*: Deberanse separar os diferentes tipos de pilas, ben sexan de botón, salinas ou alcalinas.

4.—*Baterías de automóbiles*: Deberán levar pechados os depósitos que conteñen os ácidos para evitar a súa vertedura e o risco de queimaduras dos/as operarios/as que manipulen ditos residuos.

5.—*Aceites vexetais, pinturas e vernices*: Presentaranse en garrafas ou botellas plásticas, tomando as medidas necesarias para evitar derrames. Estes residuos non se poderán mesturar con aceite de maquinaria, motores de vehículos ou outra natureza mineral.

6.- *Plásticos vexetais*: presentaranse libres de restos orgánicos e debidamente pregados para reducir o seu volume.

7.- *Residuos de poda e restos vexetais*: na medida do posible as pólas non excederán da medida de 50cm. Evitarase a presenza de impropios.

8.- *Frigoríficos e electrodomésticos con CFC*: entregaranse sen que se produza rotura do circuíto de refrixeración.





Mércores, 10 de febreiro de 2021

Núm. 27

9.- *Madeira e ferralla*: procurarase, na medida do posible, compactar ao máximo o seu volume, de xeito que ocupen o menor espazo posible. Evitarase a presenza de impropios.

10.- *Entullos de obra*: debido á natureza destes residuos, deberanse presentar en sacos, baldes ou similar de 25kg como máximo e baleiralos sen residuos mesturados no colector específico.

O Concello de Gondomar poderá en calquera momento, modificar as normas de depósito e clasificación dos residuos conforme á lexislación que en cada momento estea vixente en materia de residuos.

#### *Artigo 9.—Rexistro e documentación existente no Punto Limpo*

1.- O Punto Limpo de Gondomar contará cun Sistema de Rexistro axeitado no que se rexistrará obrigatoriamente as entradas e saídas no Punto Limpo.

2.- O rexistro de entrada estará composto de rexistros persoais que se cubrirán cada vez que unha persoa usuaria realice un depósito no Punto Limpo.

3.- O contido destes rexistros será como mínimo:

- Datos persoais da persoa usuaria.
- Data da entrega.
- Datos referentes ao residuo e as cantidades entregadas
- Sinatura da/o usuaria/o do Punto Limpo en cada ficha de entrega.

4.- Ademais, e de acordo coa normativa vixente, levarase un rexistro de saída co obxecto de ter información dos movementos e destino dos residuos do Punto Limpo. O seu contido neste caso, será:

- Datos referentes aos residuos.
- Datos de cantidades que saen do Punto Limpo e o seu destino.

5.- No Punto Limpo, ademais do Sistema de Rexistro estará a disposición das persoas usuarias a seguinte documentación:

- Copia do presente Regulamento, a disposición de todas as persoas usuarias que o demandaren.
- Rexistro de incidencias e información.
- Libro de reclamacións e suxestións.

6. En todo caso, os datos contidos no Libro de Rexistro quedarán sometidas ás normas xerais de protección de datos, sen que poidan ser utilizadas para outros fins que os propios do servizo.

7.- Coa periodicidade establecida polo Concello de Gondomar, enviarase un informe aos servizos técnicos correspondentes no que se dará conta dos datos consignados no Sistema de Rexistros.



Mércores, 10 de febreiro de 2021

Núm. 27

*Artigo 10.—Funcionamento e xestión*

1.- Para que o servizo que presta o Punto Limpo sexa o correcto, é necesario que as persoas usuarias acheguen os residuos previamente separados e que os depositen nos colectores específicos para cada un deles, segundo as indicacións do/a responsable da instalación.

2.- Cando chegue ao Punto Limpo, deberá de identificarse mediante a presentación do D.N.I. á persoa responsable e demais documentación que, de proceder, o identifiquen como usuario/a nos termos deste Regulamento.

3.- Antes de depositar o residuo ou residuos, deberase declarar no posto de control o contido do que quere entregar, co fin de realizar un control de orientación do vertido. O responsable da instalación, segundo a carga declarada e seguindo os criterios do artigo 7º, decidirá aceptar ou rexeitar a entrega segundo o establecido no presente Regulamento.

4.- As persoas usuarias que accedan ás instalacións do Punto Limpo deberán seguir as indicacións da persoa responsable en todo momento, gardando a quenda de chegada para ser atendidos.

5.- As persoas usuarias accederán á zona de acumulación onde depositarán, por elas mesmas os residuos no seu colector específico para cada fracción.

6.- A persoa responsable do Punto Limpo supervisará as operacións de depósito dos residuos para comprobar que se depositan de forma axeitada e non se encontran mesturados con residuos tóxicos ou perigosos. Tamén efectuará unha inspección sistemática e visual en todos aqueles colectores de residuos líquidos. En casos excepcionais, poderá colaborar nas tarefas de depósito dos residuos as/os usuarias/os.

7.- Os/as transportistas que realicen os portes dos residuos tamén deberán seguir as indicacións dos/as operarios/as da instalación, que supervisarán os seus labores e recibirá un certificado de que realizaron a recollida dos diferentes residuos e que teñen a licenza para realizar ese traballo.

8.- No caso de resultar que non se efectuara a recollida, se se solicita un lugar de depósito ou tratamento, o Concello de Gondomar poderá recomendar algún.

9.- O acceso ao Punto Limpo estará totalmente prohibido a toda persoa que non faga aportación de residuos agás nos casos de visitas solicitadas e autorizadas polo Concello de Gondomar.

10.- Prohibirase a recuperación de materiais de calquera tipo no interior das instalacións do Punto Limpo, agás naqueles casos no que o Concello de Gondomar así o determine, por calquera das circunstancias establecidas na aplicación da lexislación vixente, convenios de colaboración con entidades ou asociacións de carácter sociais, benéficos, etc.

11.- Os residuos depositados no Punto Limpo pasarán a ser propiedade do Concello de Gondomar.



Mércores, 10 de febreiro de 2021

Núm. 27

12.- Nas instalacións do Punto Limpo estará dispoñible unha copia do presente regulamento, co obxecto de posibilitar a súa consulta a calquera usuario/a que o solicite.

13.- Antes de que os colectores se atopen cheos de residuos, os/as operarios/as do Punto Limpo darán aviso ás ou aos xestores ou transportistas designados para a retirada e traslado dos residuos ás diferentes instalacións de reciclaxe ou centros de eliminación, en tanto non existan instalacións para a súa reciclaxe.

14.- As instalacións do Punto Limpo deben permanecer en boas condicións de hixiene e salubridade pública. Para o que, as persoas responsables do mesmo deben controlar que o depósito de residuos se realice de xeito correcto, evitando a caída de residuos fora dos contedores e retirando calquera material que dificulte o tránsito dos vehículos e o depósito dos residuos.

15.- O tempo máximo de almacenamento dos residuos no Punto Limpo de Gondomar, estará regulado segundo establece a normativa vixente en materia de residuos.

#### *Artigo 11.—Horario e outras condicións*

1.- O Punto Limpo prestará o seus servizos de recollida conforme a un horario prefixado mediante resolución de Alcaldía que se poñerá en coñecemento da cidadanía mediante os medios oportunos.

O horario de funcionamento será de luns a xoves de 16:00 a 19:00 horas e os venres e sábados de 09:00 a 13:00 horas. Os domingos e festivos a instalación permanecerá pechada.

Este horario poderá modificarse puntualmente segundo as necesidades do servizo e en casos extraordinarios, mediante resolución do órgano municipal competente do Concello de Gondomar. O Concello dará a coñecer os cambios mediante a oportuna publicación no portal de transparencia.

2.- O Concello de Gondomar poderá, no seu caso, establecer mediante a correspondente ordenanza o pago dunha taxa ou prezo público pola utilización do Punto Limpo.

#### *Artigo 12.—Prohibicións*

Prohíbense os seguintes aspectos:

- Prohíbese a entrada de residuos de orixe industrial. Ás actividades industriais deberán xestionar os seus residuos a través de xestoras/es autorizados polo órgano competente da Xunta de Galicia.
- Depositar calquera outro tipo de residuo asimilable a doméstico que non se encontre dentro do establecido no presente regulamento.
- Depositar mesturados diferentes residuos.
- Depositar residuos fora do colector específico.
- Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles por este regulamento.



- Ocultar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas e/ou sacos.
- Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fora do horario de funcionamento do punto limpo.
- Non deixar voluminosos ou restos de residuos previstos neste Regulamento, o lado dos contedores, salvo casos excepcionais, que deberán ser autorizados por parte de quen xestione o Punto Limpo.
- Calquera tipo de incineración de residuos dentro do Punto Limpo.
- Queda terminantemente prohibido fumar nas instalacións do Punto Limpo.

### *TÍTULO III: RÉXIME SANCIONADOR.*

#### *Artigo 13.—Infraccións*

Calquera incumprimento das normas do presente Regulamento, o Concello tipificará como infraccións leves, graves ou moi graves o uso indebido das instalacións, os actos que causen danos ás estruturas, mobiliario ou equipamento, e o abandono de residuos no exterior do Punto Limpo.

##### 1.—Consideraranse infraccións leves:

- A entrega de residuos non asimilables a domiciliarios.
- Depositar residuos non permitidos polo presente Regulamento.
- Depositar mesturados os diferentes residuos.
- Depositar residuos fóra do colector específico.
- Depositar residuos en cantidades superiores ás admitidas neste regulamento ou que poidan presupoñer unha orixe industrial dos mesmos.
- Calquera outra infracción do regulamentado que non estea tipificada como grave ou moi grave.

##### 2.—Consideraranse infraccións graves:

- Abandonar os residuos relacionados no artigo 7 do presente Regulamento na porta das instalacións, e/ou fóra do horario de funcionamento do Punto Limpo.
- Deixar voluminosos e/ou calquera outro residuo previsto neste Regulamento a carón dos colectores, sen autorización de quen xestione o Punto Limpo en cada momento.
- Non seguir as indicacións da persoa responsable do Punto Limpo.
- A acumulación de dúas ou máis infraccións leves no mesmo ano.

##### 3.—Consideraranse infraccións moi graves:

- O abandono fóra ou vertido no Punto Limpo de residuos perigosos non autorizados ou a mestura entre eles ou con outros non perigosos e posterior abandono.
- Os actos que deterioren gravemente os equipos, infraestruturas, instalacións ou calquera elemento do Punto Limpo.
- A acumulación de dúas ou máis infraccións graves no mesmo ano.



Mércores, 10 de febreiro de 2021

Núm. 27

#### *Artigo 14.—Sancións*

As infraccións que se relacionan no artigo anterior poderán dar lugar á imposición das seguintes sancións:

- Infraccións leves: con apercibimento e multa de ata 750 euros.
- Infraccións graves: con multa de 751 ata 1500 euros.
- Infraccións moi graves: con multa de entre 1501 ata 3.000 euros.

As sancións graduaranse atendendo ás circunstancias seguintes:

Grado de intencionalidade.

- Gravidade do dano producido.
- Grado de malicia, participación e beneficio obtido.
- Categoría do recurso afectado.
- Natureza do recurso.
- Reincidencia.
- Perigo para a saúde e integridade das persoas, animais e bens.

#### *Artigo 15.- Prescrición.*

1.- As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as sancións impostas por faltas graves aos dous anos e as sancións impostas por faltas moi graves aos tres anos.

2.- O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día en que se cometeu a infracción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento sancionador, continuando o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á presunta persoa responsable.

3.- O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo si aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa infractora.



Mércores, 10 de febreiro de 2021

Núm. 27

*Artigo 16.—Obriga de repoñer, multas coercitivas e execución subsidiaria*

Segundo determina o artigo 54 da Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados, e demais lexislación aplicábel, sen prexuízo da sanción administrativa que se impoña, as persoas infractoras estarán obrigadas á reposición das cousas ao estado anterior á infracción cometida consonte ás condicións fixadas polo órgano que impuxo a sanción.

De non ser así, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas consonte ao disposto nos artigos 103 da lei 39/2015 de 01 de outubro, transcorridos os prazos sinalados no correspondente requirimento.

Así mesmo poderase proceder á execución subsidiaria por conta da persoa infractora, e a súa costa.

*Disposición derogatoria única*

Coa entrada en vigor do presente Regulamento quedan derogadas cantas disposicións do mesmo ou inferior rango que se opoñan, contradigan ou resulte incompatible co regulado no mesmo.

*Disposición final única*

Este regulamento entrará en vigor unha vez saia publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

O que se fai público, a reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da correspondente acta plenaria, en cumprimento do ordenado e aos efectos oportunos. Contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao desta publicación e sen prexuízo da interposición doutro recurso que se estime mais procedente e sexa conforme ao dereito.



Mércores, 10 de febreiro de 2021

Núm. 27

## ANEXO I

### MODELO DE AUTORIZACIÓN A TERCEIROS/AS PARA O DEPÓSITO NO PUNTO LIMPO DE RESIDUOS INCLUÍDOS NO REGULAMENTO DE DITO SERVIZO.

IDENTIFICACIÓN DA PERSOA FÍSICA USUARIA RESIDENTE NO CONCELLO DE GONDOMAR (***Achegar documentación acreditativa recollida no regulamento***)

Eu Don/Dona:....., con DNI:.....

e domicilio en:..... parroquia:.....

e con teléfono:.....

Descrición do material a depositar:

#### **Autorizo á seguinte persoa/entidade a realizar o depósito no meu nome:**

IDENTIFICACIÓN DA PERSOA OU ENTIDADE DEPOSITANTE EN NOME DE TERCEIRO/A (***Achegar albarán ou factura do servizo prestado***)

Empresa: ....., con NIF:.....

domicilio en:....., e actividade de:.....,

a trasladar e depositar os residuos que se xeran no meu domicilio, ao Punto Limpo do Concello de Gondomar, nas condicións que o seu Regulamento establece.

En Gondomar, a ..... de ..... de 20....

Sinatura da persoa usuaria

Sinatura e selo da persoa/entidade autorizada

